

BECAS NEAE

Aberto o prazo de solicitude para as axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo para o curso 24/25

CEIP BERGANTIÑOS
DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

Prazo de presentación de solicitudes

A convocatoria para o curso 24/25 publicouse o 19 de abril do 2024 e pódese pedir **DENDE O 30 DE ABRIL AO 13 DE SETEMBRO DE 2024**

Que debo presentar no centro educativo

- Solicitude cuberta e firmada da beca.
- Fotocopia do DNI da familia.
- Informes actualizados.
- Presuposto do gabinete (psicopedagóxico, logopédico e/ou psicolóxico) ao que acudirá o alumno ou alumna.

Tamén a renda do ano 2023, se non autorizas a revisión telemática.

Como fago a solicitude

Todo o proceso de solicitude da beca realízase pola Sede Electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Unha vez cuberto, terás que imprimir o formulario de solicitude (PDF) e presentalo no centro educativo de non ter certificado electrónico.

Toda a información en:

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/como-solicitarla.html>

NOVIDADES

Incremento dun 5% dos umbrais de renda familiar establecidos para o acceso as axudas.

Engadido ás exclusións no cómputo dos rendementos patrimoniais das subvencións para o aluguer da vivenda habitual.

Diminución ao 25% do grao mínimo de discapacidade requirido.

Que axudas hai este ano?

Axudas directas

Para os alumnos, incluíndo ao alumnado con TDAH, que requiran por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas esocíficas derivadas da súa discapacidade, de trastornos graves de conduta ou de trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociados a necesidades educativas especiais.

Tamén poderá ser beneficiario o alumnado con TEA non incluído no parágrafo anterior e que requira destes apoios ou atencións especiais.

Subsidios nos casos de familias numerosas

Para alumnado con necesidades educativas especiais derivadas da súa discapacidade ou trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociado a necesidades educativas especiais para familias numerosas.

Tamén poden ser beneficiarios alumnos con TEA pertencentes a familias numerosas.

Axudas para o alumnado con altas capacidades intelectuais

Axudas para programas específicos complementarios á educación reglada.

Subsidio de cuantía fixa

Subsidio de cuantía fixa para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo asociada a discapacidade, trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe.

Tamén poderá ser beneficiario de este subsidio o alumnado con TEA non incluído no parágrafo anterior e que requira destes apoios e atencións específicas e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociado ás altas capacidades intelectuais.